

O Estado absoluto

No Antigo Réxime o poder político defínese polo **absolutismo**. Este réxime político desenvolvido entre os séculos XVII e XVIII caracterízase pola **concentración de todos os poderes nas mans do rei**.

Lembra



O modelo de monarquía na Idade Media era o da monarquía feudal. Nela o rei era un «señor dos señores» pero estes non estaban sometidos a el, senón que eran os seus iguais, e pactaban con el unha alianza para a mutua defensa, coñecida como **vasalaxe**.

O Estado moderno

O Estado absoluto é o resultado da evolución do chamado Estado moderno. Na Idade Media, a nobreza e a Igrexa gozaban de moito poder e con frecuencia os reis debían pactar con ambos os dous estamentos e concederlles terras ou beneficios para conseguir o seu apoio. Isto provocaba que a situación dos monarcas fose cada vez máis feble e que, nalgúns casos, os señores feudais chegasen a ter incluso máis poder ca o propio rei.

Co inicio da Idade Moderna, prodúcese unha mudanza: a realenza comeza a introducir reformas encamiñadas a restarlles poder á nobreza e á Igrexa e concentralo nas mans dos reis, co obxectivo de crear un Estado forte. Algunhas destas reformas consistiron en crear:

- Unha burocracia que axudase ao rei no goberno do Estado.
- Un exército co que defender e conquistar territorios, e manter a seguridade no interior. Ao contrario do que acontecía na Idade Media, agora o exército está formado por mercenarios e dirixido por membros da nobreza, e non formado pola nobreza en si.
- Unha facenda que xestionase de forma satisfactoria o cobro de impostos cos que poder pagar a burocracia, o exército, os gastos da corte etc.
- Unha diplomacia que representase o seu Estado fronte a outros, dándolle un recoñecemento máis alá das propias fronteiras.

As monarquías autoritarias

Ao abeiro do Estado moderno establécese entre os séculos XV e XVI un novo tipo de monarquía por case toda Europa: a **monarquía autoritaria**, encarnada, por exemplo, polos Reis Católicos e os Austrias na Península Ibérica.

Este modelo de monarquía caracterizábase por exercer un poder real máis forte que na Idade Media, pero con molestias, xa que aínda existían privilexios e institucións como as Cortes, formadas pola nobreza, o clero e algúns burgueses, cos que coartar o poder do rei, por exemplo ao permitir ou denegar que este establecese un imposto.

As monarquías absolutas

Os obstáculos ao poder dos monarcas fóronse eliminando paseniño, e estes chegaron a alcanzar un poder absoluto en gran parte dos países europeos. Por iso nos séculos XVII e XVIII fálase de monarquías absolutas.

Aínda que as Cortes ou Parlamentos seguiron existindo, apenas se convocaban e quedaron como simples órganos de consulta, e non de control. Os monarcas absolutos consideraban que o seu poder procedía directamente de Deus e por iso ningunha institución humana podía poñerlles atranco ningún. Así xustificaban a concentración dos poderes executivo, xudicial e lexislativo nas súas mans.



O mellor exemplo de monarquía absoluta foi a de Luis XIV en Francia, a quen lle atribúen a frase: «O Estado son eu». Gravado do século XIX.